



# A CHUNGATRONA



# PETER PUNK PALLASO

## A COMPAÑÍA

Peter Punk é un dos pallasos máis programados e destacados en Galicia. Conta con máis de 1000 funcións ás súas costas en diversos países, programacións e espazos. Os seus espectáculos gozan dunha grande acollida por parte do público cativo e adulto. A compañía PETER PUNK PALLASO nace arredor de 2003 có espectáculo unipersonal CHUNGO QUE TE CAGAS, que perfilará o seu humor fresco, irreverente e orixinal. Nos seguintes anos terá unha evolución meteórica. Crea o seu segundo unipersonal, A CHUNGATRONA, no que mantén o seu estilo singular.

Máis tarde crea dous espectáculos dirixidos polo palla e dramaturgo Walter Velázquez: PETER PUNK E O NENO IMPERDIBLE, con música ao vivo, creada e interpretada por Brais das Hortas, con quen comparte elenco. PEOR IMPOSIBLE, o espectáculo máis recente, e no que se confirma a madurez deste palla internacional.

## CURRÍCULO DESTACADO

XXI Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas de Morrazo (Cangas, Pontevedra, Galicia), Festival Internacional de Outono FIOT (Carballo, Galicia), Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense MITEU (Galicia), Festival Pirineos Sur 2013 (Huesca, España), Festival Internacional de Calle de Gomecello (Salamanca, España), Festival Mueca 2012 (Canarias, España), FESTICLOWN Vigo, Santiago de Compostela e Vilagarcía de Arousa (Galicia), Festiclown Palestina 2011, Anjos do Picadeiro 2011 (Brasil), Festival Cómico de Maia, (Portugal), Festival Fazer a Festa (Portugal), Festival I (Portugal), Festival É-Aqui-In-Ócio de Póvoa de Varzim (Portugal), Teatro Municipal de Vila Real (Portugal), Festival de Teatro de Lamego (Portugal), 28ºUlicaFestival 2015 (Cracovia, Polonia), Festival Rototom Sunsplash (Benicàssim, Castellón, España), Mostra Internacional de Payasos de Xirivella (Valencia, España).

## ESPECTÁCULO

### A CHUNGATRONA

Neste espectáculo, Peter Punk crea un conxunto de rutinas, que confirma a súa intención de convertirse nunha referencia do novo circo galego como palla.

Neste espectáculo veremos unha aloucada entrada en escéa coa Testarrosa, o minicírculo de Peter Punk. A máxica desaparición dun globo no seu bandullo. A destreza dun voluntario con tres aros e un vaciador de ideas.

E como colofón, un final único no mundo: A CHUNGATRONA!! Un aparello pensado por un palla, que manterá ao público en tensión ata que... algún incauto resulte totalmente mollado e a cara cuberta de tarta. Todo isto, para desatar a risa, a diversión e a loucura do público: nenas, nenos e maiores.



**Premio do Público  
FESTICLOWN 2013 (Rivas Vaciamadrid)**



Eva Triñanes

637 756 129

peterpunkpallaso@charlatana.org  
[www.charlatana.org](http://www.charlatana.org)

